



FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA

REGULAMENTO DEPORTIVO

(EDICION REVISADA 2015)

Artigo 1º.- A Federación Columbófila Galega (FCG en diante), por medio da súa Asemblea Xeral acorda aprobar o presente Regulamento Deportivo, de obrigado cumprimento por todos os seus afiliados, e que será de aplicación en tódolos concursos que organice.

Artigo 2º.- Para participar nos concursos organizados pola FCG é condición estar en posesión das licenzas da Real Federación Colombófila Española (RFCE) e da FCG, ter presentado o censo anual de pombas nos tempos que se determinen e ter o pombal dado de alta no rexistro de explotacións avícolas (explotacións de columbofilia) da Xunta de Galicia ou en trámites para o rexistro.

Artigo 3º.- Para participar nos concursos organizados pola FCG esta deberá dar o visto e prace ás pombas con anel de niño de outras federacións.

Artigo 4º.- Non poderán encestarse pombas que non estean rexistradas polo propietario no seu propio censo anual ou no complementario de pichóns.

Artigo 5º.- Coincidindo coa presentación dos censos, cada club comunicará á FCG a composición da súa Comisión de Concursos, que estarán compostas por un mínimo de 5 membros.

Artigo 6º.- Para tomar parte nos concursos o exposicións será necesario que o Presidente da Comisión Deportiva do club envíe á FCG un escrito certificando que as pombas censadas polos socios do seu club están vacinadas contra as enfermidades e coas vacinas que acorde a Asemblea da Federación. Por unha cuestión de control, as vacinas serán subministradas a través da FCG.

Artigo 7º.- O incumprimento do artigo anterior será motivo de descualificación do club infractor.

Artigo 8º.- Asemade, para tomar parte nos concursos tamén será condición para os clubs a presentación de pombas á Exposición Galega da Pomba Mensaxeira, de tal maneira que o club que non cumpra con esta esixencia non poderá concursar nos campionatos deportivos da F.C.G.

Artigo 9º.- As pombas que resulten clasificadas na exposición anuais da FCG quedarán en depósito de esta para representar a Galicia na exposición anual da Real Federación Colombófila Española.

Artigo 10º.- As comisións deportivas dos clubs garantirán que non se encesten pombas con síntomas evidentes de enfermidade.

Artigo 11º.- Para pór en marcha a loxística de transporte nos concursos, cada club deberá comunicarlle á FCG, ca antelación que a Comisión Deportiva ditamine é o correo electrónico habilitado a tal fin, o número de pombas que pensa encestar en cada unha das soltas de cada fase. No caso que non o faga, entenderase que non se enviará pomba ningunha.

1. A comisión deportiva comunicará, antes de que inicie a campaña, os custes aproximados e a dinámica do operativo de encestes e transporte.
2. As comunicacións á Federación serán ao enderezo electrónico da Federación Galega (fcolumbofilagalega@gmail.com)

Artigo 12º.- Na primeira solta de cada fase, cando a demanda para encestar pombas non chegue ao mínimo acordado na Asemblea Xeral para poder contratar un transporte extra respecto á proposta básica da Comisión Deportiva da FCG (50% de ocupación), ésta, seguindo as indicacións da Asemblea, limitará as posibilidades de embarque e redistribuirá a capacidade resultante entre os clubs de xeito equitativo. Asemade, a comisión queda tamén capacitada para tomar as decisións que considere oportunas de cara a unha mellor ordenación da loxística de transporte.

Artigo 13º.- Cando nun club concorran menos de 3 concursantes nun enceste, deberanse de asociar obrigatoriamente con outro club para poder levar a cabo o enceste. Cando dous ou mais clubs non consigan por separado eses tres participantes necesarios, deberanse de poñer de acordo e encestar no club mais antigo dos que encesten xuntos. Igualmente ocorrerá para a apertura de reloxos.

Artigo 14º.- Para os encestes, a hora oficial para a posta en marcha dos reloxos matrices dos clubs deberá ser recollida da páxina web da FCG (<http://fcolumbofilagalega.com/>). A Comisión Deportiva da FCG queda habilitada para poder testar por chamada telefónica aos columbófilos a adecuación dos seus reloxos a citada hora.

Artigo 15º.- Segundo as características da solta de que se trate, o número de pombas por cesta debe de estar entre os seguintes límites:

1. 30 pombas como máximo nos concursos con solta no día do enceste
2. entre 20 e 25 pombas nos que as pombas pasen 1 noite nas cestas:
3. entre 15 e 20 pombas cando pasen dúas noites nas cestas,
4. entre 10 e 15 pombas cando estean mais de 2 noites nas cestas.

A Comisión Deportiva da F.C.G. axustarase o mais posible ao límite máximo de pombas por cestas para optimizar os recursos de transporte.

Artigo 16º.- Unha vez completadas as cestas, serán precintadas (exclusivamente) cos precintos que subministra a RFCE e vixiadas pola comisión deportiva de cada club ata a súa entrega á FCG para o transporte.

Artigo 17º.- Co fin de non desbaratar o cronograma da viaxe nas distintas soltas, o tempo máximo de espera dos transportes para comezar cas labores de estiba das cestas será de 10 minutos. Se pasado ese tempo, e se o club non inicia co traballo de carga, o camiión partirá cara a seguinte parada.

Artigo 18º.- Os clubs teñen a obriga de colaborar co transportista nos traballos de carga e descarga das súas cestas ao camiión.

Artigo 19º.- Por medio do delegado que designe a tal efecto, a FCG poderá facer acto de presenza no momento do enceste ou en calquera momento do transcurso da solta, para proceder a unha verificación, reanelamento, ou calquera actuación que estime oportuna.

Artigo 20º.- Nos casos nos que se valore a imposibilidade de soltar por motivos climatolóxicos, a FCG, por medio da súa Comisión Deportiva, poderá adiantar un día a data de enceste ou, incluso, anular a solta previamente ao enceste. Con carácter de excepcionalidade e sempre que a anulación derive nunha situación de atranco extremo para o correcto desenvolvemento da temporada deportiva, a Comisión Deportiva, co visto bo do Presidente da FCG, queda lexitimada para retrasar unha semana todo o calendario deportivo.

Artigo 21º.- Unha vez coas pombas en destino e si se estimasen dificultades climatolóxicas graves, a Comisión Deportiva da FCG co coñecemento e visto bo do Presidente federativo poderá anular a solta ou manobrar para que, dentro das posibilidades da expedición, acádense as condicións máis axeitadas para ceibar, podendo variar para isto tanto a localización coma o día de solta. Nos casos nos que isto suceda, a solta será válida para os campionatos galegos aos que orixinariamente optaba.

Artigo 22º.- Cando os concursos xa estean en marcha, os responsables que os clubs propoñan para este fin poderán manifestarlle ao Delegado de Solta a intención de non ceibar as súas pombas co seguinte horario:

1. Antes das 7,00 horas do día da solta nos concursos de Medio Fondo.
2. Antes das 6,00 horas do día da solta a nos concursos de Media Distancia, Fondo e Gran Fondo.
3. Cando a Comisión Deportiva da Federación decida suspendela, non se poderá revocar a súa orde por parte de ningún club, é dicir, a solta suspéndese para todos.
4. O delegado federativo de soltas terá en exclusiva a responsabilidade de anular ou mandar ceibar as pombas, situación que vale tanto para adestramentos como para o resto de soltas do campionato.

Artigo 23º.- Os datos sobre as soltas (coordenadas, horarios...) poderanse recabar na páxina web da FCG (<http://fcolumbofilagalega.com/>). Os presidentes das Comisións Deportivas dos Clubs poderán conseguilos, tamén, chamando de 9,00 a 10,00 horas ao Delegado Federativo de Solta.

Artigo 24º.- Agás no concurso de gran fondo, no que todo o bando de Galicia será ceibado conxuntamente, no resto do campionato o bando da zona norte (A Coruña) ceibarase nunha primeira quenda (coa salvidade que se expón ao final do artigo), e o bando da zona sur (Ourense e Pontevedra) nunha segunda quenda, cunha diferenza mínima de 30 minutos entre eles. Os clubs da

provincia de Lugo serán sempre os terceiros en soltar, tamén con unha diferenza de 30 minutos.

Como excepción, na solta de Zaragoza, se soltará en primeiro lugar o bando da zona sur (Ourense e Pontevedra) e en segundo lugar o bando da Coruña, é Lugo seguirá en terceiro lugar.

Artigo 25º.- Co fin de evitar erros á hora de ceibar, o frontal das cestas dos distintos bandos terán que ir perfectamente identificadas coas sinais que no seu momento ordene a comisión deportiva de FCG.

Artigo 26º.- Para clasificarse nunha carreira, as pombas deben de percorrer polos seus propios medios a distancia entre o punto de solta e o seu pombal.

Artigo 27º.- De cara á clasificación nas carreiras, establécense os seguintes prazos para cerrar o tempo de control:

- Medio Fondo: 30 minutos despois do solpor do día da solta.
- Media Distancia: 30 minutos despois do solpor do día da solta, salvo na solta de Almazán II, que será 30 minutos despois do solpor do día seguinte a solta.
- Fondo: 30 minutos despois do solpor do día seguinte á solta.
- Gran Fondo. 30 minutos despois do solpor do cuarto día da solta.

Nos concursos nacionais, será 30 minutos despois do solpor do último día de control do concurso.

Artigo 28º.- Nos días de concurso, a Comisión Deportiva da Federación Galega poderá solicitarlle aos distintos clubs, -non mais tarde das 14 horas-, que lles sexan remitidos ao final da xornada os datos referentes ás pombas controladas polos seus socios.

Artigo 29º.- Entrada da documentación de encesta:

1. Os clubs entregarán ao transportista, cando a recollida das cestas para un concurso, a documentación seguinte:
 - CN1 ou impresos de encesta que impriman os reloxos electrónicos de cada participante, cos datos referidos ás pombas que se embarquen.
 - Cando se trate dos Campionatos de España, salvo cambio na normativa da RFCE respecto a eles, ademais dos impresos anteriores hai que axuntar un modelo CN1, única e exclusivamente coas pombas designadas para este campionato.
 - Impreso de resumen de encesta, cumprimentado e firmado.
 - Impresos dos reloxos electrónicos cos datos das aperturas de reloxos da solta precedente, e CN1 dos manuais debidamente cumprimentados e firmados.

- Os CN1 dos reloxoos manuais deberán ir acompañados obrigatoriamente das follas impresas de lectura da carreira de que se trate ou, segundo o modelo, das correspondentes cintas impresas. Os rorosos das pombas recibidas deberán permanecer gardadas en depósito polos clubs de cara a unha posible investigación, ata que as clasificacións anuais sexan aprobadas definitivamente pola asemblea da FCG.
2. Os clubs enviarán por correo electrónico ao enderezo electrónico da Secretaría da FCG (secretariafcgalega@gmail.com) os datos de apertura de reloxoos relativos a cada solta realizada, cos programas que a tal efecto entrega a FCG, como máximo, ao terceiro día de pecharse o concurso. Nos casos nos que se realicen dúas soltas no mesmo fin de semana, ao terceiro día de pecharse o concurso de control mais prolongado.
 3. O prazo de entrada na FCG da documentación en papel das soltas rematará no enceste da solta seguinte (CN1 ou impresos dos reloxoos electrónicos), coa súa entrega ao convoyer. Caso de ser a derradeira solta na que participe o club, terá que ser enviada sen exceder os 5 días desde o último día de control por calquera outro medio que se estime oportuno e seguro.
 4. Todo club que non cumpra coas normas anteriores de este articulo, quedará descualificado para a solta de que se trate.

CAMPIONATOS DA F.C.G.

Artigo 30º.- Os campionatos da FCG xogaranse nas seguintes modalidades:

- **Campionatos á pomba**

1. Campionatos provinciais As-pomba.
2. Campionatos galegos As-pomba.

Tanto os campionatos provinciais como os galegos, xogaranse nas seguintes fases:

- Medio Fondo
- Media Distancia
- Fondo
- Gran Fondo
- Maratón

- **Campionatos ao pombal**

1. Campionato Provincial de Seguridade en Cortas Distancias
2. Campionato Provincial de Seguridade en Largas Distancias
3. Campionato Galego de Seguridade en Cortas Distancias

4. Campionato Galego de Seguridade en Largas Distancias

- Mellor club de Galicia
- Especiais

1. Trofeo Concello de Cangas
2. Trofeo Marina Lago

Artigo 31º.- A efectos de clasificación terase en conta a seguinte zonificación, segundo a localización do pombal e non a do club onde o columbófilo estea afiliado.

- Provincia da Coruña
- Provincia de Lugo
- Provincia de Ourense
- Provincia de Pontevedra

Artigo 32º.- Á finalización de cada carreira editarase un listado co 100% das pombas que entren en control para cada unha das provincias. Este listado se confeccionará segundo a velocidade acadada por tódalas pombas participantes na carreira (distancia recorrida por cada unha de elas -en metros- dividida entre o tempo -en minutos-, que inverta en realizala) de maior a menor, de tal xeito que a que consiga a velocidade mais alta resultará clasificada en 1º lugar.

Artigo 33º.- Á finalización de cada fase, a F.C.G. publicará as clasificacións das distintas modalidades dos campionatos da F.C.G.

Artigo 34º.- Todos os campionatos da F.C.G. precisarán dunha participación inicial mínima de:

- 10 pombais nas soltas de Medio Fondo.
- 5 pombais nas soltas de Media Distancia.
- 5 pombais nas soltas de Fondo.
- 3 pombais nas soltas de Gran Fondo.

Artigo 35º.- As clasificacións para os distintos concursos e campionatos á pomba da F.C.G. incluírán exclusivamente aquelas pombas que acaden premio no 50% das encestadas agás os concursos de Gran Fondo e de Maratón nos que os premios acadarán o 100%.

Artigo 36º.- As pombas que non se clasifiquen non puntuarán a ningún efecto.

Artigo 37º.- No caso de que non houbera ningunha pomba que se clasifique en todas as soltas de unha fase, o premio quedará deserto.

Artigo 38º.- En caso de suspenderse algunha solta, a clasificación confeccionarase coas que se teñan realizado.

CAMPIONATOS Á POMBA

Artigo 39º.- As clasificacións para os distintos **Campionatos Provinciais “AS-POMBA”** confeccionaranse en base á velocidade media harmónica acadada por cada unha das pombas na fase de que se trate, é dicir, segundo o resultado de dividir a suma das distancias recorridas en todas as soltas entre a suma dos tempos invertidos. Resultará clasificada en 1º lugar a que consiga a velocidade media harmónica mais alta. Este é un campionato aberto onde participarán todas as pombas inscritas nas carreiras.

Artigo 40º.- Os **Campionatos Galegos “AS-POMBA”** terán unha clasificación con catro postos para toda Galicia: primeiro, segundo, terceiro e cuarto. Accederán a esta clasificación unha soa pomba por provincia, que serán as que se teñan clasificado en primeiro lugar no seu ámbito territorial na modalidade de que se trate.

Artigo 41º.- Para confeccionar a clasificación dos distintos Campionatos Galegos “As-pomba” se confrontarán os coeficientes das pombas que resulten campiónas provinciais das modalidades de que se trate, de tal forma que a campiona galega será a que acade un menor coeficiente.

Os coeficientes calcularanse segundo a fórmula seguinte:

$$\frac{\text{Premio provincial}}{\text{Nº de pombas na carreira}} \times \frac{1000}{\text{Distancia en Km}}$$

Artigo 42º.- Para a fase de Medio Fondo serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación.

Artigo 43º.- Para a fase de Medio Distancia serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación.

Artigo 44º.- Para a fase de Fondo serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación.

Artigo 45º.- Para a fase de Gran Fondo serán válidas as soltas que acorde a Asemblea Xeral anual de esta Federación.

Artigo 46º.- Para a fase de Maratón serán válidas as soltas de Medio Fondo, Fondo e Gran Fondo.

Artigo 47º.- (Anulado por non haberse establecido concurso de pichóns nesta campaña)

Artigo 48º.- Todas as pombas participantes en calquera das soltas de Gran Fondo, deberán de ter participado obrigatoriamente nunha solta que teña como mínimo os quilómetros de Almazán.

Artigo 49º.- En caso de empate, nos Campionatos Provinciais “As-Pomba” resultará ganadora a pomba que recorrese unha distancia maior e nos Campionatos Galegos “As-Pomba” a que compita contra un maior número de columbófilos.

CAMPIONATOS AO POMBAL

Artigo 50º.- Os Campionatos ao Pombal terán a consideración de “**Campionato Galego de Seguridade**” e terán unha clasificación de catro postos para toda Galicia: primeiro, segundo, terceiro e cuarto. Accederán a esta clasificación un so pombal por provincia, que serán os que se teñan clasificado en primeiro lugar no seu ámbito territorial segundo os criterios específicos das modalidades de que se trate.

Artigo 51º.- Tamén para confeccionar a clasificación dos distintos Campionatos Galegos de Seguridade realizaranse listados provinciais en cada unha das soltas programadas, que contabilizarán o tanto por cento de pombas que cada columbófilo reciba no 100% de control respecto das que tivera encestado, de tal xeito que resulte primeiro quen acade unha maior porcentaxe. Accederán a esta clasificación galega cada un dos pombais que na súa respectiva provincia “Campionato Provincial de Seguridade”, unha vez sumadas as porcentaxes acadadas en cada unha das soltas da serie de que se trate, teña conseguido a porcentaxe de control mais elevada.

- Para competir neste campionato será imprescindible participar e controlar en tódalas carreiras da serie de que se trate.
- En caso de suspenderse algunha das soltas, a clasificación confeccionarase coas que se teñan realizado.
- No caso de empate, resultaría campión provincial o pombal que tivera encestado un maior número de pombas na serie. De persistir o empate, o vencedor sería o que tivese voado unha maior distancia.
- No caso de empate entre os primeiros das distintas provincias para o campionato galego, será considerado vencedor o pombal que tivera competido contra un maior número de concorrentes.

Artigo 52º .- Os Campionatos Galegos de Seguridade e os Campionatos Provincias de Seguridades xogaranse nas seguintes series:

1. Seguridade en Cortas Distancias
2. Seguridade en Largas Distancias

Artigo 53º.- Para a modalidade de Seguridade en Cortas Distancias serán válidas as soltas das fases de Medio Fondo e Media Distancia.

Artigo 54º.- Para a modalidade de Seguridade en Largas Distancias serán válidas as soltas das fases de Fondo e Gran Fondo

Artigo 55º.- (Anulado por non haberse establecido concurso de pichóns nesta campaña.)

Artigo 56º.- Para competir nos Campionatos Galegos de seguridade, cada columbófilo deberá encestar un número mínimo de pombas:

- 10 pombas nas soltas de Medio Fondo.
- 5 pombas nas soltas de Media Distancia
- 5 pombas nas soltas de Fondo.
- 3 pombas nas soltas de Gran Fondo.

MELLOR CLUB DE GALICIA

Artigo 57º.- **Mellor Club de Galicia.**

- Outorgaráselle 3 puntos aos primeiros clasificados, 2 puntos aos segundos e 1 punto aos terceiros de tódolos campionatos galegos (**non nos provinciais**) tanto dos distintos Campionatos Galegos Às-pomba como nas series do Campionato Galego de Seguridade de Pombas Designadas.
- Nos casos nos que columbófilos de un club compitan en outra provincia, estes non suman puntos ao seu club.
- Será proclamado mellor club Galego ante a Xunta de Galicia aquel que, unha vez sumados os puntos acadados polos seus respectivos columbófilos, reúna o maior número de puntos.
En caso de empate, resultará ganador quen compita contra un maior número de clubs. Se con esta fórmula prosegue o empate, daríanselle aos clubs unha puntuación de calidade segundo a seguinte orde: gran fondo, fondo, maratón, seguridade longa, medio fondo, seguridade corta, de tal xeito que resultará o ganador do trofeo o club que consiga o premio de maior calidade.

CONCURSOS ESPECIAIS

Artigo 58º.- **Trofeo Concello de Cangas.**

- Resultará ganadora a pomba que na solta de maior quilometraxe da campaña e en raión único para toda Galicia, remate a carreira ca maior velocidade.
- O premio será un trofeo conmemorativo.
- Para acceder a este premio será indispensable comunicar a pomba ao club organizador no mesmo día da chegada. Caso de non haber esta comunicación, a pomba quedará descalificada e o premio pasará para a seguinte da clasificación.

Artigo 59º.- Trofeo Marina Lago

- Resultarán ganadoras as 3 primeiras pombas do Campionato do Maratón en raión único para toda Galicia.
- Os premios serán tres trofeos, primeiro, segundo e terceiro, para as 3 pombas mellor clasificadas nesta competición do Maratón.

SOBRE OS PREMIOS

Artigo 60º.- Entregaráselle un trofeo conmemorativo aos propietarios das 3 primeiras pombas clasificadas nos Campionatos Galegos “As-pomba”, trofeos nos que tamén constará a condición de campión provincial de cada unha das pombas premiadas.

Artigo 61º.- Entregaráselle un trofeo conmemorativo aos 3 primeiros clasificados dos Campionatos Galegos de Seguridade.

Artigo 62º.- Os Concursos Especiais recollidos nos artigos 58º e 59º, serán premiados polas entidades que os apadriñan.

SOBRE AS CLASIFICACIÓNS

Artigo 63º.- Os clubs recollerán os resultados das distintas clasificacións na páxina web da FCG para poder facer as clasificacións sociais que estimen oportunas.

Artigo 64º.- Establécese un prazo de reclamación de 15 días desde o seu envío. Transcorrido ese período e unha vez contempladas e resoltas as reclamacións, elevaranse a definitivas.

Artigo 65º.- As clasificacións, aínda que definitivas, quedarán supeditadas á súa aprobación pola Asemblea Xeral anual da Federación.

SOBRE OS CAMPIONATOS DE ESPAÑA

Artigo 66º.- A FCG presenta cinco zonas de participación aos Campionatos de España, en función da situación dos distintos pombais. Estas zonas figuran expostas na Web da FCG, co detalle dos columbófilos e a zona a que pertence cada un deles. Ver “ZONAS” en: (<http://fcolumbofilagalega.com/>)

Artigo 67º.- Para participar no Campionato de España por Territoriais, a Federación Galega de Columbofilia presentará cada ano un equipo de 5 columbófilos que serán os que no ano precedente teñan acadado unha mellor

tarxeta de clasificación para o “Campionato de España de Seguridade”. Se algún destes columbófilos tivera presentado a súa renuncia para formar parte de esta selección, o seu posto sería ocupado polo seguinte no citado listado.

DISPOSICIÓN FINAIS

Artigo 68º.- Este Regulamento Deportivo poderá ser modificado exclusivamente pola Asemblea Xeral da FCG.

Artigo 69º.- Nos casos non contemplados en este Regulamento, serán de aplicación as normas recollidas no Regulamento da R.F.C.E.

---ooOoo---

ADENDA CONCURSOS ESPECIALES

(CARACTERÍSTICAS Y REGLAMENTO FACILITADO DIRECTAMENTE POR EL PATROCINADOR RESPONSABLE)

“II Copa A Canteira” Año 2015

Premios:

- DIPLOMA** (Campeón “II Copa A Canteira”).
- DIPLOMA** (Sub-Campeón “II Copa A Canteira”).
- DIPLOMA** (3º clasificado “II Copa A Canteira”).
- LOTE DE 2 PICHONES A ESCOGER DE LAS PAREJAS DEL CENTRO DE CRÍA**, para cada uno de los galardonados (máximo uno por pareja del global de los 6). La organización, avisara al mismo tiempo a los tres colombófilos agraciados (por los cauces que tenga a su alcance) con el fin de dar las mismas posibilidades de elección a los tres.

Nota importante:

Cada uno de los galardonados (excepto el Campeón, que recibirá los dos pichones en propiedad), una vez recibidos los dos pichones, tiene la obligación de **DONAR UNO** a un colombófilo **NOVEL** de su entorno o confianza. Además, otra de las obligaciones por parte del segundo y tercer clasificado, es dar el nombre y apellidos del/los colombófilo/s novel/es. El no hacerlo, sería motivo de desposesión del mencionado/s premio/s. Llegado este caso, **“A CANTEIRA BREEDING CENTRE”**, lo/s donará a otro colombófilo/s **NOVEL/ES** de su confianza.

Tanto los DIPLOMAS como los PICHONES, serán entregados en la GALA de trofeos que precede a la Exposición Galega da Pomba Mensaxeira que apruebe la Asamblea de la F.C. Galega.

En caso de fuerza mayor, tanto los Diplomas como los respectivos Pichones se enviarían al domicilio de cada uno de los ganadores a portes debidos.

BASES:

Punto 1º:

1.1 El trofeo “*II Copa A Canteira*”, consta de un campeonato a seguridad/premio, de las palomas recibidas dentro del 20% del total de las enviadas por cada provincia(A Coruña, Lugo y Pontevedra) en las sueltas de fondo y gran fondo del Calendario Deportivo 2015 aprobado en Asamblea por parte de la F.C. Galega.

1.2 El modo de puntuación será a “seguridad pura”, obteniendo los porcentajes de entre las palomas enviadas partido de las recibidas.

Punto 2º:

2.1 **EL CAMPEÓN**, será el colombófilo que obtenga el mayor porcentaje de palomas recibidas dentro del 20%, en todas las sueltas de las fases de Fondo y Gran Fondo, siendo antes Campeón de su correspondiente provincia(campeonato “tipo seguridad largo”).

2.2 **EL SUB-CAMPEÓN**, será el colombófilo que obtenga el segundo mayor porcentaje de palomas recibidas dentro del 20%, en todas las sueltas de las fases de Fondo y Gran fondo, siendo antes Campeón de su correspondiente provincia (campeonato “tipo seguridad largo”).

2.3 **EL 3º CLASIFICADO**, será el colombófilo que obtenga el mayor porcentaje de palomas recibidas dentro del 20%, en todas las sueltas de las fases de Fondo y Gran fondo, siendo antes Campeón de su correspondiente provincia(campeonato “tipo seguridad largo”).

2.4 El porcentaje saldrá de la división resultante entre las enviadas y recibidas.

2.5 Toda paloma no premiada en el 20% de alguna/s suelta/s, no puntuará a ningún efecto.

Punto 3º:

3.1 Las sueltas valederas son:

Almazán, Alcázar San Juan, Zaragoza, Almansa y Lloret de Mar, según Calendario Deportivo F.C. Galega 2015.

Punto 4º:

4.1 El mínimo de palomas encestadas para la fase de Fondo será de 5 y para la fase de Gran Fondo será de 3, con una salvedad; se podrá seguir concursando **sin ser descalificado del campeonato**, enviando menos palomas del mínimo exigido, pero, también a sabiendas de que se puntuará menos. Un ejemplo: enviadas 4 cuando el mínimo son 5 y controladas esas mismas 4, haríamos un 80% en lugar del 100% si hubiéramos enviado 5 y controlado también 5. En lo sucesivo, sirva este ejemplo para todas las demás opciones.

4.2 El no enviar a alguna suelta, es sinónimo de **descalificación del campeonato**.

4.3 El no premiar (recibir alguna paloma dentro del 20%) en alguna suelta es sinónimo de **descalificación del campeonato**.

4.4 En el supuesto de quedar **desierto** alguno/s de los premios, los pichones se donaran al club organizador de la exposición regional del año en curso, en donde se sortearan mediante la venta de rifas, pasando el importe recaudado, a las arcas de la organización.

4.5 En el supuesto de que todos los premios quedasen **desiertos**, los **seis pichones**, se donarán mediante sorteo, a todos aquellos colombófilos **noveles (1x novel)**, que tengan una antigüedad no superior a tres años y se encuentren en la **Gala de Trofeos** posterior a la exposición regional del año en curso.

4.6 La antigüedad válida justificable será la mencionada en la respectiva licencia federativa nacional. No existe mínimo de edad. Es imprescindible justificar estar en activo, con resultados de concursos del año en curso o anterior a la entrega del pichón.

4.7 En caso de suspenderse alguna/s suelta/s, será de aplicación el Reglamento Deportivo F.C. Galega.

Punto 5º:

5.1 En caso de empate, **será ganador** el que más palomas haya enviado en el computo general de todas las sueltas.

5.2 Si aún persistiera el empate, **será ganador** el que mayor kilometraje total tenga del total de las sueltas que conforman el campeonato.

5.3 En el supuesto de que este Reglamento no atienda a alguna/s cuestión/es, será de obligado cumplimiento el Reglamento Deportivo 2015 aprobado en Asamblea por parte de la F.C. Galega.